



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARTEIXO

Persoal

Emenda decreto nº 3196/2021 de modificación de bases xerais

ANUNCIO: EMENDA MODIFICACIÓN BASES REGULADORAS XERAIS DE DIVERSOS PROCESOS SELECTIVOS PARA ACCESO EN PROPIEDAD POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN EN TURNO LIBRE POR EXECUCIÓN DE CONVOCATORIAS PENDENTES DE EXECUCIÓN DA OEP 2017, OEP 2019 E OEP 2020.

Téndose aprobado por Decreto nº 3707/2021 de 1 de decembro de 2021 “Emenda do decreto nº 3196/2021 de modificación de bases xerais, procédese á publicación para xeral coñecemento e efectos oportunos:

PRIMEIRO.- Proceder á emenda da Resolución nº 3196/2021 de 27 de outubro de 2021 de Modificación de bases xerais dos procesos de estabilización (e de toda referencia no expediente administrativo), da puntuación máxima do segundo exercicio da Fase de oposición de carácter eliminatorio para os grupos GRUPO A1 - Grupo I Laborais // GRUPO A2 – Grupo II Laborais // GRUPO B/C1- Grupo III Laborais, publicado no BOP de A Coruña nº 210 de 04/11/2021, do seguinte teor:

Onde di:

“Cualificación máxima 30 puntos (necesarios 15 puntos para superalo), a determinar criterios nas bases reguladoras específicas.”

Debe dicir:

“Cualificación máxima 50 puntos (necesarios 25 puntos para superalo), a determinar criterios nas bases reguladoras específicas.”

SEGUNDO.- Dar traslado ao departamento de persoal para que procedan segundo o ordenado, tramitando publicación coa máxima celeridade no BOP de A Coruña.

Arteixo, 1 de decembro de 2021

Asina: Carlos Calvelo Martínez (ALCALDE-PRESIDENTE)

2021/8438